

EXPEDIENTE:	2024/00016495G
PROCEDEMENTO:	Procesos de selección de persoal: anuncio do Tribunal

Resolución do 26 de xuño de 2024 do tribunal nomeado para cualificar o proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de persoal funcionario de carreira Técnico/a Medio de Prevención e Seguridade Integral Operativa da Escala de Administración Especial (Subgrupo A2) pola quenda libre, mediante sistema de oposición correspondente á oferta de emprego público do ano 2020 pola que se procede a dar publicidade ás puntuacións provisionais do Primeiro Exercicio.

1- O tribunal procede á corrección e cualificación do Primeiro exercicio do proceso selectivo de conformidade co anuncio publicado do órgano de persoal do Concello asinado o 21/05/2024 polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local (PD Dto. Alcaldía 17/06/2023) denominado "Corrección de erro aritmético no que atinxe ao primeiro exercicio de diferentes procesos de selección de Administración especial, subgrupo A2, polo sistema de oposición "publicado o 22/05/2024, no BOP Núm. 98 relativo ao Primeiro exercicio (ata 30 puntos) onde se di que " O cuestionario será cualificado de 0 a 30 e será preciso acadar un mínimo de 15 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non alcancen esta puntuación serán eliminadas. A puntuación calcularase de acordo con estes criterios: Por cada resposta correcta outorgaranse 0,348 puntos. Por cada resposta incorrecta restaranse 0,116 puntos. As preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación.

RELACIÓN DE PUNTUACIÓNS PROVISIONAIS POR ORDE ALFABÉTICA DO 1º APELIDO:

DNI/NIE ENMASCARADO	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CUALIFICACIÓN
***4974**	DOCAMPO	CANCELAS	VICTOR ANTONIO	11,832
***2805**	ESTEVEZ	DOMINGUEZ	INMACULADA	6,96
***3398**	GONZALEZ	RIOS	JOSE ANGEL	12,296
***6246**	GRANDE	CARRO	JOSE ANTONIO	3,016
***0989**	PENAS	ESPERANTE	JESUS	24,94

De conformidade co disposto na base novena das xerais polas que se rexen os procesos selectivos convocados polo Concello de Santiago de Compostela para a selección do persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo, as persoas aspirantes poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas no prazo de 5 días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación.

2- Fixar a data de celebración do segundo exercicio da oposición para o día 11 de xullo ás 10:00 horas nas dependencias do CERSIA (Alcalde Raimundo López Pol, s/n (San Lázaro) 15.703 Santiago de Compostela (A Coruña).

**RELACIÓN DE ASPIRANTES CONVOCADOS PARA A REALIZACIÓN DO
SEGUNDO EXERCICIO**

DNI/NIE ENMASCARADO	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
***0989**	PENAS	ESPERANTE	JESUS

3- O segundo exercicio (ata 30 puntos) é obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un tempo máximo de 150 minutos, dous temas que poderán elixir de entre os catro obtidos mediante sorteo público realizado polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio entre todos os relacionados na parte específica do temario anexo á convocatoria. As persoas aspirantes terán ampla liberdade no referido á forma de redacción. Posteriormente, serán convocadas oportunamente polo tribunal para realizaren a lectura pública dos temas, que fará cada aspirante e que poderá ser o mesmo día do exercicio escrito.

A cualificación global deste exercicio será de 0 a 30 puntos. Cada tema cualificarase cun máximo de 15 puntos e será necesario acadar unha puntuación mínima de 7,5 puntos en cada un deles para superalo. As persoas aspirantes que non obteñan o mínimo de puntuación serán eliminadas. O tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima de acordo cos criterios descritos.

4- O chamamento comezará ás 10:00 horas en chamamento único de conformidade coa Base 9.3 das Bases Xerais.

5- As persoas aspirantes deberán presentarse provistos do documento nacional de identidade (DNI) ou documento equivalente que acredite a súa identidade e bolígrafo

6- Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etc.) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do opositor ou da opositora do lugar do exame e non se procederá á corrección do seu exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela,
na data de sinatura electrónica

O Presidente do Tribunal
Manuel Sanmartín Chao